

MARZO-ABRIL 2025

Revista Galega de Información Literaria - Ano 23 N.º 133

PVP 3 €

Suso de Toro publica **Conta, Sherezade**, unha novela na que a literatura é un medio para comprender a vida

Primeiras novidades do Ano Castelao

Biblos

CLUBE DE LECTORES





Ano Castelao

Poucos días despois de conmemorarse o 75 cabodano, e para honrar o Ano Castelao, a librería Biblos de Betanzos recibiu a Mª Pilar García Negro para conversar arredor da figura do intelectual rianxeiro. Ela é autora de *Arredor de Castelao* no século XXI, reedición de *Laiovento* da obra publicada orixinalmente en 2001 mais agora actualizada. O texto ofrece unha análise profunda e contextualizada do pensamento e legado: analiza a visión política de Castelao sobre a autonomía e soberanía de Galicia; a obra artística, con especial foco no seu traballo como debuxante e humorista gráfico; o seu compromiso coa lingua galega e o papel na normalización cultural, así como a vixencia das súas ideas no debate contemporáneo. E foi nesa pluralidade de facetas na que García Negro fixo fincapé na súa brillante disertación á hora de reivindicar un mellor a maior coñecemento da figura de Castelao no seu conxunto.

Pola librería pasou tamén Antía Yáñez para presentar a súa novela *O clan das barbies* (Xerais) na que propón un antidoto cheo de furia e sororidade co que facer fronte á precariedade e á discriminación. A conversa xirou, entre outros temas, arredor da vinganza, forma de reacción

coa que os protagonistas da novela buscan compensar a precariedade das súas vidas.

Ao fio da presentación de *As horas mortas. Vixaxes e conversas por cemiterios galegos* (Baía edicións), Emma Pedreira, Xesús Fraga e Ángel Arcay conversaron arredor de necroliteratura e da relación que existe na sociedade actual co nomeado "mundo dos mortos". "Visitei cemiterios por todos os lugares nos que andei" confiounos a autora antes de pasar a debullar os motivos que a levaron a entrar nuns catrocentos en Galicia. Falouse da botánica dos camposantos, de simboloxía, de antropoloxía e tamén da tradición e da modernidade que está a transformar o culto á morte, temas todos eles que Emma Pedreira aborda con deleite nesta entretida obra.

No sábado 15 de febreiro Biblos foi unha festa. E como tal, un feixe de persoas bailaron e cantaron para acompañar a Silvia Penide, Laura Rey Espasandín e Natalia Navaza. Co seu "Cantacontos" leron contos e cantaron un monllo de cancións, que tamén representaron en lingua de signos. As tres levan adiante dende hai tempo un proxecto que nace da amizade e dun compromiso social, no que abrazan os coidados, a natureza e

a literatura, inspiradas na tradición oral e coa idea de mantela viva e actualizada.

En febreiro inaugurouse "Asfixia", unha exposición verbovisual de colaxes de Clara Martín. As obras naceron canda un conxunto de poemas, polo de agora inéditos, dos que a autora nos fixo partícipes ao tempo que compartía detalles do proceso de creación das colaxes ou poemas visuais. Acompañaron a Clara Martín as artistas plásticas Isabel Pintado e Inma Doval.

Proxectouse tamén o documental "Doe o Courel", de Xacobe Meléndrez Fassbender, sobre os incendios que arrasaron na serra máis de 13.000 hectáreas de monte en xullo de 2022. A despoboación do rural e as consecuencias sobre o entorno natural, as transformacións do agro, a autoexestión social fronte á inacción dos poderes públicos e o cambio climático son só algúns dos temas dos que se falou logo da proxección do documental. O audiovisual mete o dedo na chaga sobre estes e outro graves problemas que o paso do tempo non fará máis que agravar. Na sesión estivo presente Sonia García García, autora de obras como *Un ano no Carballal* e *O libro do Courel* e unha das persoas que puxeron voz á traxedia diante da cámara.

A Portada

As Vellas de Mens: Teresa, Adelia, Manuela, Asunción e Prudencia, en Châteauneuf-du-Fauou (Finistère Francés) o 17 de agosto de 1981. Foto de Miguel G. del Valle. Arquivo de Aturuxo.



Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

Suso de Toro

Suso de Toro (Santiago, 1956) é licenciado en Arte Moderna e Contemporánea. Publicou o seu primeiro libro en 1983, *Caixón desastre*, e dende entón as súas obras obtiveron numerosos galardóns. En 2003 foille concedido o Premio Nacional de Narrativa por *Trece badaladas*. Narrador e ensaísta, escribiu unha peza para teatro na que mestura humor e crítica social, e tamén minicomédias para televisión.



Conta, Sherezade

Unha historia na que literatura se converte en protagonista da propia novela e nun medio para comprender a vida. Luz asiste a un curso de creación literaria e decátase de que descoñece a verdadeira historia da súa familia, da súa vida, e decide utilizar a escrita para reconstruíla. A investigación e o proceso de documentación que leva a cabo vai ir desvelando datos e acontecementos que agardaban agochados e silenciosos nalgún lugar da memoria. A reflexión sobre a literatura, o descubrimento de segredos familiares ancorados nunha guerra civil destrutiva e a reconfiguración da propia identidade son os asuntos que se tratan en *Conta, Sherezade*.

Xerais Rústica 15 x 23 cm 288 páxinas
ISBN: 978-84-1110-653-5

17,05 €

Títulos anteriores de narrativa

Caixón desastre

Xerais Rústica
13 x 21 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-7507-475-7
14,50 €

Polaroid

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 184 páxinas
ISBN: 978-84-9121-842-5
18 €

Land Rover

Xerais Rústica
11 x 17,5 cm 84 páxinas
ISBN: 978-84-8302-249-8
8,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Ambulancia

Xerais Rústica
13 x 20 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-1110-325-1
13,95 €

Tic-Tac

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 320 páxinas
ISBN: 978-84-9782-002-8
24,65 €

A sombra cazadora

Xerais Rústica
13 x 21 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-1110-503-3
12,95 €

Conta saldada

Xerais Rústica
13 x 21 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-9121-240-9
13,50 €

Calzados Lola

Xerais Rústica
15 x 21 cm 408 páxinas
ISBN: 978-84-9782-245-9
24,22 €

Círculo

Xerais Rústica
14 x 22 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-8302-317-4
19,47 €

Non volvas

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-8302-498-0
19,47 €

Trece badaladas

Xerais Rústica
15 x 22 cm 360 páxinas
ISBN: 978-84-8302-788-2
24,65 €

Morgún (Lobo Máxico)

Xerais Rústica
13 x 21 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-9914-372-9
13,50 €

Home sen nome

Xerais Rústica
13 x 21 cm 400 páxinas
ISBN: 978-84-9782-447-7
24,22 €

Sete palabras

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 320 páxinas
ISBN: 978-84-9914-029-2
22,32 €

Somnábulo

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-9914-757-4
17,05 €

Fóra de si

Xerais Rústica
15 x 22,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-9121-314-7
18 €

Un señor elegante

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 544 páxinas
ISBN: 978-84-9121-766-4
23,70 €

Ensaio

O país da brétema

Xerais Rústica
13 x 20,5 cm 352 páxinas
ISBN: 978-84-9121-067-2
16,62 €

Nunca máis Galiza á intemperie

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-8302-932-9
16,62 €

Espanóis todos

Xerais Rústica
14,7 x 22 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-9782-089-9
20,85 €

Teatro

Unha rosa é unha rosa (Unha comedia de medo)

Xerais Rústica
15 x 22 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-286-5
12,95 €

Ten que doer Literatura e identidade

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 296 páxinas
ISBN: 978-84-9782-098-1
22,32 €

Outra idea de España

Xerais Rústica
15,5 x 22 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-9782-308-1
19,90 €

Humildar Rituais despois de deus

Xerais Rústica
13 x 20,5 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-9121-193-8
7,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Dentro da literatura

Xerais Rústica
12 x 18 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9121-466-3
17,05 €

Descubrinto Ana Pontón

Xerais Rústica
15,5 x 22,5 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-1110-430-2
12,95 €

Guión para televisión

Servicio de urxencias

Xerais Rústica
13 x 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-8302-827-8
14,50 €

Infantil-Xuvenil

O segredo de Joseph Haydn

Xerais Rústica
14 x 21,5 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-530-9
13,50 €

Teresa Moure



Ostrácia

Dum lado, a História; doutro, a intimidade. Dum lado, as figuras de Lenine, Alexandra Kollontai, Nádia Krupskaja e, sobretudo, Inessa Armand. Doutro, a experiencia de escribir sendo muller e, portanto, interpretada como autora de textos vagamente feministas, reivindicativos mas tamén florais e románticos. Os amores entre Lenine e Inessa Armand reescrevem as vidas actuais e explicam o relato das revolucións interiores. Se a militancia for entrega, se as ideoloxías tiverem que mudar o mundo, entón Inessa Armand e a escritora deben entrelazar-se para contar o nunca contado: que Política e Erótica vón da man, que tudo na Política, como na cama, se reduce a bailar com o Desejo. Para a política não ser politiquinha e o Desejo não se conformar com desejinhos. Para fazermos habitável a Ostrácia.

Através Rústica
140 x 21 cm 316 páxinas
ISBN: 978-84-16545-97-1
17,10 €



Nacho Taibo




Foto: Distrito Xermar

Xibraltaria

(Un Cadillac en Xibraltar)

Xibraltaria é unha fantasía con toques realistas que narra unha historia de aventuras e de espías, parecida a ningunha outra. O xefe de pista do Vanaclocha relata as súas lembranzas sobre este circo desastrado, tapadeira dunha organización clandestina que vela polos intereses da Galicia nos últimos anos da Segunda República española, grazas a unha serie de secretos prodixios.

Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 204 páxinas
ISBN: 978-84-19040-40-4
19 €



Diego Alfonsín

Birken

"Birken só quere saber onde comezan e onde acaban as preguntas, por iso pon os signos de interrogación ao comezo e ao final. Birken quere saber por que os holandeses si e os galegos non. Birken acaricia as árbores da horta coma se fosen seres queridos. Durante unha viaxe en tren, reconece un antigo compañeiro da facultade no mesmo vagón e descubren que van visitar a mesma exposición. Birken conta que lle gustaría escribir como Thomas Bernhard, pero como Thomas Bernhard só pode escribir el mesmo". Texto da editora.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 106 páxinas
ISBN: 978-84-1176-370-7
14,80 €



Arantza Portabales

Asasinato na Casa Rosa

Nova serie de novelas negras de Arantza Portabales, *Os crimes de Loeiro*, protagonizada por Santaclara & Araújo. A inspectora Iria Santaclara, de baixa para atender o seu home convalcente, recibe a sorprendente chamada do millonario Ulises Villamor. O empresario cre que a súa muller foi asasinada hai catro anos e quere que a inspectora investigue os feitos, trasladándose á súa mansión en Loeiro, a Casa Rosa, onde vive coa súa familia, porque sospeita que o responsable é alguén do clan familiar.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 406 páxinas
ISBN: 978-84-1176-360-8
19,85 €



Ramón Caride

As superviventes

Tres mulleres coinciden na sala de espera de urxencias do CHUS de Compostela. Este imprevisto azar vai ter consecuencias impensadas en cada unha delas. Son veteranas de moitas guerras psíquicas, e levan sufrido agresións físicas, sociais e farmacolóxicas. Son superviventes. "Neste tempo de crise enquistada -unha era marcada polas ditaduras produtivas, consumistas, toxico-pornográficas e tamén pola das redes sociais-, a demolición dos prototipos de xénero e a construción da propia identidade sexual e afectiva son cavorcos que poucos se atreven a ollar até o seu fondo", di a editora.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-1110-622-1
16,10 €



María Besteiros

Ítaca

Penélope é unha muller de corenta e cinco anos que vive co seu home, Ulises, e o seu fillo adolescente, Telémaco, no ano 2024. Forman unha familia convencional que un día recibe a inesperada noticia de que ela está embarazada. Tras o impacto inicial, nai e fillo comparten ilusión e preparativos para recibir o novo membro da familia, ante a aparente indiferenza de Ulises, os prexuízos sociais e o estrito seguimento médico. Neste caso é ela, Penélope, quen emprende unha viaxe para atopar os fíos invisibles que tecen a súa propia identidade e sobrevivir.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-1110-621-4
16,10 €

Agustín Agra



Foto: Distrito Xermar

O libro das contrarias

Sofía, unha prestixiosa fotógrafa, inténase nun agreste parque nacional de Suecia onde só é posible subsistir durante o estío. McClounasey, investigadora sobre o papel das mulleres na ciencia, avisa a Fátima da desaparición da amiga de ambas. Pretende que dean con ela baseándose nunhas indicacións ocultas nos libros e poemas que, con tal finalidade, Sofía deixou á mantenta. Fátima, ornitóloga na universidade de Cornell, rexeita participar na busca por considerar imposible a súa localización. Porén, a mensaxe da antiga amante impúlsaa a viaxar ata Lisboa. Alí visita unha exposición fotográfica en cuxas imaxes cre recoñecer a Sofía.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-671-9
16,10 €



Xabier Paz




Foto: Distrito Xermar

A filla de Lucrecia

Lucrecia de León (Madrid, 1567) deu a luz a súa filla nos calabozos toledanos da Inquisición. Con este pé histórico, Xabier Paz escribe a posíbel historia de Alba, filla de Lucrecia. A peripecia de dúas mulleres sinaladas pola xustiza e a loita por sobrevivir nas estreimas. A vontade ferreña da nai e as súas habelencias, quer de adiviña quer de parteira axúdanas a manterse até ser acollidas en casa de dona Elvira, viúva mourisca. No ambiente de fanatismo católico sucédense os autos de fe en Granada, onde Alba medra entre dous mundos: o cristián na cidade, e o mourisco dentro da casa. Ao fin, o deprendido cabo da nai e o seu propio temperamento encarreirarán a súa vida, gobernada polo namoro e a seda, nun finximento social contracorrente.

Belagua Rústica
14 x 21 cm 260 páxinas
ISBN: 978-84-12810-68-4
19 €



VV AA Tes cinco minutos #4

Cinco minutos era o escaso tempo que tiñan os alumnos e alumnas da Escola de Letras da Deputación de Pontevedra e Editorial Galaxia para desenvolver o seu traballo nas clases da cuarta edición desta iniciativa anovadora nomeada "Tes cinco minutos", que chegou a ser presentada na feira do libro de Frankfurt. Para poñerlle o ramo ao curso, estes escritores e escritoras gradúanse e ofrecen os seus mellores traballos, xa liberados da tiranía do reloxo.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1176-363-9
14,20 €



Xesús Constela Doce voz de megafonía

Logo de que o Supremo Alcalde Maior decreta o confinamento dos habitantes do Centro Comercial no interior das súas vivendas por mor da aparición dun maléfico virus sobre o que non se dá nin a máis mínima explicación, só unha persoa, un tal D.R., descendente dunha familia que leva varias xeracións instalada no lugar, empeza a sospeitar acerca de cousas que non comprende, e comeza a facer unha serie de investigacións que provocan o seu enfrontamento co poder.


Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-1110-634-4
17,05 €



Elena Gallego Abad Ata que a morte nos separe

Marta Vilas, redactora xefa do *Xornal Galaico*, recibe unha invitación para participar na viaxe inaugural do *Xacobus*, un cruceiro deseñado para proporcionar unha experiencia única aos pasaxeiros de alto nivel económico que buscan facer a ruta marítima do Camiño de Santiago sen renunciar a todo luxo de comodidades. Entre a selecta pasaxe, parten de Vigo unha parella multimillonaria en viaxe de noivos, unha youtubeira, un policía de incógnito e tamén Sombra Dixital, un pirata informático que pretende secuestrar o barco.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 376 páxinas
ISBN: 978-84-1110-633-7
18,95 €




Cristina Sánchez-Andrade Habitada

Manuela é unha moza cunha especial sensibilidade para captar o que non se ve, para comunicarse coas criaturas e enerxías que se refuxian no profundo. Pobre e sometida ás imposicións dos homes, sentirá dentro de si como aflora unha forza descoñecida que mudará a vida dela e a de todos os que a arrodean. Cristina Sánchez-Andrade toma como pretexto a historia real da espiritada de Moeche para compoñer unha novela lírica e imprevisible.

Aira Rústica
13 x 21 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-128837-8-7
18,05 €

Cynthia Menéndez naceu en Vigo en 1993. Medrou no barrio do Calvario. Cursou estudos de inglés, francés, portugués e italiano en centros e universidades de Inglaterra, Gales, Francia, Os Estados Unidos, O Canadá e Portugal. Viaxa, le e escribe. É poeta e libreira. *Son coma glaciares os barcos de aceiro* é a súa primeira novela.



Cynthia Menéndez

Son coma glaciares os barcos de aceiro


Novela artesá, soldada con precisión liña a liña, como fan os traballadores coas chapas metálicas nas bancadas dos estaleiros. Unha carta de amor ao Vigo industrial e combatente, aos fillos e fillas do traballo e da dignidade, a través dos recordos dun neno que medra entre as manifestacións, as folgas e a loita sindical a finais dos anos noventa. Unha ofrenda ao Vigo todo azul, coma os uniformes dos traballadores. E coma os glaciares.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 210 páxinas
ISBN: 978-84-1176-367-7
17,57 €

Eva Moreda



Eva Moreda naceu na Veiga (Asturias) e aos tres anos pasou a residir coa súa familia en Ribadeo. É licenciada en Filoloxía Clásica e Musicoloxía, con estudos de posgrao en Xornalismo. Obtivo o Premio Terra de Melide, o Narrativas Quentes, o Manuel Murguía e o San Clemente entre outros. Na actualidade é profesora titular de Musicoloxía na Universidade de Glasgow.




Hortensias, camelias, palmeiras

Teresa é unha adolescente de Lucián, o trasunto literario dunha vila calquera no norte de Galicia. É boa alumna e forma parte do coro da escola de Música local. Cun estilo envolvente e magnético, Eva Moreda tece unha biografía colectiva dun tempo recente, pero xa pasado, que se evoca con elegancia e firme pulso literario.

Aira Rústica
13 x 21 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-129879-1-1
17,10 €

Josiño Araújo estudou Dereito en Santiago e Barcelona, e Produción Audiovisual en Vigo, cidade onde exerce a profesión de avogado. Foi colaborador en distintos medios dixitais e analóxicos, dirixiu varias curtametraxes e videoclips, e foi premiado por algún dos seus relatos. *San Meteoro* é a súa segunda novela.



Josiño Araújo


San Meteoro

O día do seu vixésimo aniversario, Pedro, quen se considera a persoa máis irrelevante do mundo, láiasa da súa intranscendencia mentres contempla o seu reflexo no espello. Á noite, só no monte, fumando maría e filosofando sobre a vida ao pé dunha capela, ve pasar unha estrela fugaz e formula o desexo de se converter en alguén destacado. Pero aquela luz fuxidía resulta ser un enigmático meteorito que cae do ceo para cambiar a súa vida, a das persoas da súa contorna e mesmo a da cidade onde vive.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 368 páxinas
ISBN: 978-84-1110-614-6
16,10 €

Francisco García Novio

A voz do mosquito



Un monlo de relatos escritos ao amparo da fina ironía e profundidade de pensamento do autor. Algúns relatos recorren ás argucias do misterio como "A morte de Marcelo", baixan ao mundo proceloso da subcultura con "Edesio Becerra, o cobra", ou "Fol de veneno". Outros falan do amor e do desamor como "A voz do mosquito" que dá título a todo o libro, "Terrible dilema", "Non todo o monte é ourego", "Viaxe a ningures", nos que se reflicte o proceso amoroso, sazonado ás veces dramatizado que os converte en traxicomedia.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 182 páxinas
ISBN: 978-84-10324-39-8
17 €

Miguel Anxo Fernández

Bícame, Frank



Novela que sitúa a Frank Soutelo como un dos detectives máis activos do panorama literario galego. Co estilo áxil, desinhibido e directo que caracteriza ao autor, esta nova entrega descobre o roubo dun manuscrito de Caballinas ao que segue o dun valioso papiro exipcio que ten que ver coas revoltas da primavera árabe e a aparición dun cadáver sen mans na praia da Lanzada. Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) tende unha mirada aceda sobre a actuali-

dade do país para dar novo pulo ao ben nutrido xénero da novela negra galega.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 276 páxinas
ISBN: 978-84-1176-373-8
20,42 €


Luísa Villalta

Narrativa inédita e dispersa



Neste volume compílase a narrativa inédita e dispersa de Luísa Villalta, agrupada arredor de cinco bloques: "Preludios e fugas", "Cartas de amor", "Manual de cartas de amor", "Logos" e "Mil caracteres". Textos que poñen de relevo o carácter multixenérico da escrita de Villalta, e colócanla á altura da poeta e a ensaísta, se fose posible separalas, pois, como ela dixo, todas as palabras son reflexión rítmica sobre a música da existencia. Edición a cargo de Daniel Chapela.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 340 páxinas
ISBN: 978-84-1176-352-3
22,23 €



Blanca Riestra As augas interiores

Texto que non respecta as barreiras dos xéneros, pero que podería cualificarse como novela de aventuras e *thriller* psicológico. A protagonista embarca rumbo a Terranova nun buque de salvamento marítimo que pretende estudar o escenario dun naufraxio. A nave non dá avanzado, xira arredor de si mesma igual ca unha obsesión ou un remorso, cóustalle subir cara ás augas frias onde se amorean os restos de afundimentos e os cadáveres. Entre a tripulación, salienta o grupo dos mergulladores, estirpe sinistra que é quen de conversar cos monstros mariños e coas searas, irresistibles e letais.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-1110-652-8

17,05 €



Félix Longueira O emisario submarino

A reacción colectiva a un accidente da construción. Unha excursión ao mar unha tarde de tormenta. A lembranza do gol de Vicente Celeiro que evitou o descenso do Deportivo. Unha mula desbocada no peirao da Coruña... O debut literario de Félix Longueira está composto por trece relatos onde o ordinario acolle, espera ou esquiva o inesperado.

Aira Rústica 13 x 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-128837-9-4

17,10 €




Ana Moreiras A pausa Diario do confinamento

Neste libro recóllense as entradas do *Diario do confinamento* que Ana Moreiras foi compoñendo en tempo real en 2020 durante a pandemia de covid 19 e que agora se converte nun testemuño dese tempo que, malia a proximidade, se aparece en moitas ocasións como remoto.

Aira Rústica 17 x 24 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-129879-2-8

18,95 €




Natacha G. Mendoza Teoremas del silencio

Un tratado de silencios feito con palabras. Nove contos nos que a autora canaria salta entre estilos con gran solvencia. Confronta co amor, o baleiro existencial, a doxura, a ausencia, o fantástico e a realidade cruel. "Relatos unidos pola verdade que respira no máis profundo do ser humano (...) Silencios que din máis do que matematicamente poden conter uns caracteres: a verificación mesma da certeza da existencia", di deles a editora. Escritos con precisión, pulcritude e delicadeza, cada relato é un canónazo dende un mundo recoñecible e intransferible, o de Natacha G. Mendoza. En castelán.

Hércules Rústica
13 x 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-19754-76-9

18,05 €



Ramón Torrado Romero Aves turquesas da soidade

Ramón Torrado Romero ignorou a súa innata timidez mentres escribiu no xa desaparecido xornal dixital *Certo*. A vida en Barbanza, os seus sentimentos ou a figura de Rosalía de Castro repican nos artigos que escribiu entre 2008 e 2014. Pensamentos, vivencias e fascinacións dan conta neles dos intereses deste nostálgico profesor e escritor, especialista en admirar todas as formas de beleza que acompañan a existencia do ser humano.

Belagua Rústica
14 x 21 cm 116 páxinas

ISBN: 978-84-12963-71-7

17,10 €




Álex Alonso O teito é de pedra

"Naqueles primeiros días de xullo de 1936, don Antonio Cerqueira, elegantemente vestido co seu traxe de xastrería, chaleco, gravata e chapéu, comía na terraza do Bar Canido dúas nécoras con suma destreza e rapidez, coma se levase toda a vida manipulando criaturas minúsculas e indefensas". Así comeza esta novela "escrita coa pel e coas entrañas da emoción para homenaxear a todas as persoas que deron a súa vida pola democracia ou que padeceron en calquera das súas formas a represión franquista", explica a editora.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 360 páxinas

ISBN: 978-84-1110-670-2

18,52 €




Raquel Miragaia Diário comboio

A Berta aprendera a vivir na Escravitude quando conseguiu aceptar que, naquela vila, a vida privada se reduzia ao interior do cérebro. Nom podería vivir esquecida, portanto compartirla aquilo que lle parecesse inócua, pedaços da sua vida que flutuavam polos arrabaldes da sua alma. Aprendeu que, na Escravitude, as palabras sempre tinham um significado engadido, que nom importava o tema ou o sentido, o importante era sentir-se acompañada, sentir-se parte desse conjunto imaginário que os convertía em povo, em grupo.

Através Capa mole
14 x 21 cm

ISBN: 978-84-16545-99-5

14 €



Irène Némirovsky


Domingo e outras historias

Relatos escritos entre 1932 e 1942, anos previos á Segunda Guerra Mundial e os seus inicios. Némirovsky narra historias sinxelas e de xeito moi parco, pero con personaxes cun desenvolvido perfil psicolóxico. Textos que falan de homes e mulleres ata deixalos espidos ante os ollos do lector, algún dun xeito sutil, outros fondamente, pero sempre coa intención de amosar algo que debemos aprender. Ordenados segundo a ocupación nazi se vai facendo realidade, nunha progresión arrepiante sobre a conciencia humana nun dos momentos máis escuros da historia. A tradución do francés é de Rocío Viéitez Ferro.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 342 páxinas

ISBN: 978-84-8487-707-3

23,70 €



Dolores Redondo

As que non dormen

NASH

A doutora Nash Elizondo, chamada polos medios "a psicóloga dos mortos", recibe a encarga de investigar que sucede realmente no val do Baztan logo de que na sima de Lagarrea atopasen o cadáver de Andrea Dancur, desaparecida había tres anos e por cuxo asasinato cumpría condena a ex parella da nai da moza asasinada. Mais outro misterio está a piques de cambialo todo ao tempo que unha pandemia planetaria obriga á corentena. Dolores Redondo "volve á casa" con esta novela na que tamén se reencontra coa inspectora Amaia Salazar, a tía Engrasi e moitos dos mitos e murmurios dos Vales Tranquilos de Navarra. A tradución é de César Lorenzo.

Aira Rústica 16 x 22 cm 432 páxinas

ISBN: 978-84-129879-5-9

21,75 €



Greta Olivo


A noite das tartarugas

Livia é deportista, fermosa, ten unha familia que a quere e as amigas que toda adolescente desexa. Mais sofre de retinite pigmentosa, unha doenza que lle produce problemas de visión e que vai condicionar a súa vida enteira. Greta Olivo constrúe unha historia ás veces doce, ás veces dura, sobre a superación persoal, sobre a adaptación ao mundo real. Conseguiu con esta novela o Premio á Mellor Primeira Novela traducida ao francés e o Premio Internacional Flaiano á Mellor Novela dunha autora menor de 35 anos, entre outros. A tradución é de Maite Jiménez Pérez.

Aira Rústica 13 x 21 cm 248 páxinas

ISBN: 978-84-129879-0-4

18,05 €



Eurípides


Medea/Heracles

Medea chegou a ser unha das traxedias máis valoradas da traxedia grega clásica conservada. A día de hoxe, poucos estudos e poucas edicións omiten a etiqueta de "obra mestra" para unha obra na que Eurípides exhibe o seu talento e os seus recursos como dramaturgo. En *Heracles* o autor altera a materia mítica da que parte, subvertendo a orde dos acontecementos que era a habitual na tradición oral do mito. Como sucedía en *Medea*, un dos elementos máis estremecedores do conflito trágico é un infanticidio, aquí tratado dun xeito probablemente máis indulxente coa man executora de tal crime. Tradución, introdución e notas de Iria Pedreira Sanjurjo.

Rinoceronte Rústica
14,5 x 22 cm 154 páxinas

ISBN: 978-84-19795-76-2

17,10 €



Iván Turguénev


Fume

Fume, publicada en 1867, é a novela que mellor expón o seu ideario político, de tendencia moderada e europeísta. O protagonista é un mozo ruso que, mentres agarda en Baden-Baden pola súa prometida, bate coa moza coa que estivo a punto de casar anos atrás, convertida nunha aristócrata sofisticada pero atrapada nun matrimonio sen amor. En paralelo, no escenario cosmopolita da cidade balnearia desenvólvense diferentes debates de indole social e política entre revolucionarios e conservadores, e pronúncianse disquisicións de ar nostálgico acerca do futuro e da identidade nacional. A tradución dende o ruso é de Iago Fernandes López.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-128075-7-8

15,67 €



Mª Aurora Lestón Mayo


Legends and Tales about Santiago de Compostela

Edición en inglés. Santos andadeiros e mouros subterráneos, touros asisados e arrepiantes dragóns, raíñas arteiras, reis dormentes e bispos algo atravesados. Todos converxen no universo mítico da comarca de Santiago de Compostela. Esta pequena compilación mergúllase nunha variedade de textos históricos, códices e achegas orais, á procura de todos eses relatos, coa idea de lembrar unhas lendas e descubrir outras.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-10324-33-6

14,90 €



Justo Calviño Cruz


Cuniupuyara

O frío e a calor, a atonía e o rixo, o imaxinado e o tanxible, o rancor e o agarimo, a crueldade e a bondade, a posesión e a liberación, o fracaso e o éxito, a morte e a vida. Todos estes conceptos, dispares e contrapostos, aglutínanse nesta novela, emerxendo do pensar e decidir duns galegos ousados, xenerosos, inquebrantables e incombustibles. Detrás están luminosas cidades a carón dos cumes nevados dos Andes, agochando o misterioso tesouro do Inca, e a selva húmida e lamacentosa da Amazonia, na que se oculta a inaccesible Cuniupuyara.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 266 páxinas

ISBN: 978-84-128986-4-4

16,15 €



Edmond About

O nariz dun notario

Novela curta publicada en 1862 que, dende o rexistro irónico e un humor que se achega por veces ao absurdo, ofrece un acedo retrato da sociedade de mediados do século XIX, marcada pola desigualdade entre clases. Ademais, a obra contén un curioso tratado sobre a cirurxía facial ateigado de especulacións médicas expostas nun ton que se achega por veces á caricatura. Narra a historia dun desdenoso e fatuo notario parisiense que se ve envoltado nun duelo co turco Ayvaz-Bey, secretario da embaixada otomá na capital francesa, por mor dunha bailarina, pretendida por ambos os dous. O infortunio ocasiona que L'Ambert perda parte do seu nariz e lle acontezan numerosas vicisitudes para recuperar a integridade do rostro. Traducido do francés por Marie Abreira.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-945403-9-4

8 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Mich Beyer

Unha volta polo inferno


Presenta unha serie de elementos habituais nas obras da prolífica Mich Beyer: a inserción de misivas e entradas de diario, o papel protagonista de mulleres lesbianas na mediana idade, unha linguaxe traballada e con todo accesible, a utilización de varias voces narrativas, a creación de perfís psicolóxicos complexos, o recurso do mar e dunha illa de paisaxe agreste como espazo físico ou a revelación gradual de segredos como fórmula para acentuar o suspense. A publicación desta novela supón un fito en canto que se trata da primeira obra narrativa contemporánea traducida directamente do bretón ao galego. A tradución é de Robert Neal Baxter.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-123933-1-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



J. H. Rosny o maior

A morte da Terra


Publicouse orixinalmente na revista *Les Annales politiques et littéraires*, e en 1912 nun volume realizado pola Librairie Plon. Trátase dunha visionaria obra de anticipación que describe un posible final para a Terra e, chegado o momento no que a auga se converte no ben máis prezado. Os mares ocupan tan só un cuarto da superficie. Ríos e lagos desapareceron e unha sucesión de catástrofes reduciu a humanidade a uns cantos millóns de individuos pasivos e mansos confinados en oasis. Están agrupados en tribos cunhas estritas regras, sempre en loita contra os enigmáticos e ameazantes ferromagnéticos devoradores de glóbulos vermellos. A única solución do ser humano para evitar o sufrimento é a eutanasia. Traducido do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-946538-3-4

9 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Igino Ugo Tarchetti

Fosca


Fosca, asinada por Igino Ugo Tarchetti aínda que concluída por Salvatore Farina, é a primeira novela italiana que xira arredor dun caso de histeria. Xestouse tras a experiencia dun dobre amor que vivira o autor. O protagonista, Giorgio, conta en primeira persoa as súas experiencias amorosas con dúas mulleres: Clara, a dama fermosa e serena coa que vive unha relación feliz e prazenteira; e Fosca, unha muller fea, histérica e cunha sensibilidade enfermiza. A narración une dous planos: o interese pola análise dun caso patolóxico, seguindo o ronsel da novela naturalista; e a estrutura simbólica, polos camiños do horror, o oculto e o escuro. Traducida do italiano por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-944422-6-1

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Jack London


Asasinatos, S. L.

Obra peculiar xa dende a súa xestación, pois Jack London mercoulle a idea ao tamén novelista Sinclair Lewis a comezos da década de 1910. Con todo, a morte de London deixou o proxecto inacabado, e non sería até moitos anos despois cando a familia do escritor lle encargase a conclusión a Robert L. Fish a partir das notas conservadas. Ao cabo, a novela publicouse en 1963. Cunha intriga cargada de suspense, convida a afondar na contradición entre os ideais e a realidade e a explorar o delicado tema da xustificación da violencia en nome dunha suposta xustiza. Traducido do inglés por Iago Nicolás Ballesteros.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 220 páxinas

ISBN: 978-84-128075-8-5

15,20 €



William Faulkner

En canto agonizo

En canto Addie Bundren agoniza, o seu fillo máis vello, Cash, comeza a construírle o cadaleito. Así que falece, en pleno mes de xullo, o seu marido e mais os cinco fillos cargan o corpo nun carro tirado por mulas para ir enterrala a Jefferson, cos seus parentes. Todos os personaxes van narrando, cada un á súa maneira, os pormenores desta odisea, que transita entre a traxedia e a comedia negra, e que retrata a crueza dos anos da Gran Depresión nas zonas rurais dos Estados Unidos. A tradución é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-19795-73-1

19 €



Han Kang


A vexetariana

Yeonghye é unha muller sen apenas voz que decide facerse vexetariana logo de empezar a ter soños violentos. O marido, o seu cuñado e a súa irmá contan a historia desta muller dende o seu punto de vista nos tres relatos que compoñen a novela. No primeiro, un home mediocre descobre que a súa parella está cambiando. No segundo, a perspectiva é a do cuñado de Yeonghye, un artista audiovisual que non consegue sacar unha imaxe da cabeza e está disposto a todo para facela realidade. O último relato segue á irmá de Yeonghye. *A vexetariana* recibiu o premio Man Booker en 2016 e o premio San Clemente en 2018. A tradución é de Alba Vereza Pérez.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-17388-79-9

18,52 €



Iakovos Pitsipios

O mono Xouth

Esta novela considérase pioneira da literatura fantástica escrita en grego moderno. Céntrase nas peripecias de Xouth, un enigmático escritor e viaxeiro alemán que acabou metamorfoseado nun orangután e posto ao servizo dun home grego europeizado que finxe pertencer a unha nobre estirpe. A través dunha hábil mestura de fantasía e cotiandade, esta obra –inacabada pero autoconclusiva– supón non só unha potente crítica dos costumes da época, senón incluso unha emenda ao concepto de civilización, presentada en forma de alegoría a varias voces; entre elas, sobre todo, a do mono. A tradución é de Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-128075-6-1

15 €



Jordi Gastó

Unha caixa misteriosa

Unha caixa misteriosa aparece no xardín. A imaxinación de Ana dispárase e ao longo da caixa percorre o mundo da fantasía, dende os lugares máis próximos e familiares aos máis afastados e extraordinarios. Visita unha bruxa, viaxa ata unha illa misteriosa, percorre grandes ríos conxelados, adéntrase en mestos bosques onde viven uns trasnos... Cando finalmente abre a caixa, unha sorpresa aínda máis grande que a que esperaba agarda por ela. Con expresivas ilustracións de Christian Inaraja. A tradución é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 17,5 x 22 cm 22 páxinas

ISBN: 978-84-1343-351-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

3↑

Eric Carle

Unha eiruga moi larpeira (pop-up)

A obra máis emblemática de Eric Carle, agora en edición pop-up. Un domingo soleado, unha eiruga nace dun ovo. É pequena pero ten moita fame. Por iso, día a día, percorre as páxinas perforadas deste libro devorando todo canto atopa ao seu paso: froitas, verduras e algunha que outra larpeirada. Así, ata se converter nunha fermosa bolboreta. O paso do tempo, o grande e o pequeno, os días da semana, os números, os nomes dos alimentos ou o proceso natural da metamorfose son elementos presentes neste álbum maximalmente construído e ilustrado coa técnica da colaxe. Traducido por Chema Eras e Pilar Martínez.

Kalandraka Cartonado 23,5 x 17 cm 12 páxinas

ISBN: 978-84-1343-338-7

18,52 €

Á VENDA O 10 DE ABRIL

2↑



Kalandraka



3↑

Leo Lionni

Un ano enteiro

Unha deliciosa fábula para familiarizarse cos meses do ano, as estacións e o valor da natureza. O primeiro día de xaneiro, Lolo e Lara, dous ratiños de campo, fan unha nova amiga: Flora, unha árbore falante á que deciden visitar durante todo o ano. A medida que pasan os meses, Lolo e Lara observan como Flora absorbe a auga da neve ou da chuva, como florece na primavera, dá froitos no verán ou lle caen as follas no outono. Cando chega o Nadal, Lolo e Lara celebran xuntos que teñen unha grande amiga e prepáranse para un novo ano. En tradución de Xosé Manuel González.

Kalandraka Cartonado 14 x 30 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-356-1

15,20 €



3↑

Á VENDA O 10 DE ABRIL

Maurice Sendak

Dez coelliños

Mino, o mago, axita a varíña e saca un coello da chistera. Logo dous, tres, catro..., así ata dez. Que difícil controlar tantos orelludos que choutan e se agochan por calquera lugar. Ata que Mino axita de novo a súa varíña e un a un os coellos van desaparecendo por arte de encantamento. As múltiples expresións de Mino e a habilidade de Sendak para capturar todo tipo de emocións engaiolan non só pola crecente marea de coelliños peludos, senón pola satisfacción do protagonista ao velos aparecer e desaparecer enfrontando non poucos obstáculos e frustracións. Traducido por Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 22 x 26 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-362-2

15 €



Á VENDA O 10 DE ABRIL

2↑

Marcos Farina

A festa do animais

Un álbum en formato acartonado coa deliciosa estética vintage do ilustrador argentino Marcos Farina. Para xogar aos contrarios no que animais domésticos e salvaxes acompañan as nenas e nenos nas súas tarefas cotiás. Vinte especies diferentes cun texto sinxelo e divertido que axudará adquirir vocabulario e a nomear o mundo. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 19 x 19 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-1343-353-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



3↑

Petra Bartíková

A árbore

O vento zoa alá no alto, na coroa da árbore. As pólas abanean e fregan as unhas contra as outras mentres que, nalgún lugar por debaixo delas, na fenda enorme chea de larvas de vacaloura, alguén peta no tronco da árbore. A araña, que pende dun fio, acaba de tecer outra arañeira. E o cuco canta no seu niño. Así pasa a vida cada día nunha árbore. Un carballo é como unha casa, con moitos animais, pequenos e grandes, vivindo nela. Ilustracións de Magdalena Takáčová e tradución de María Reimóndez.

Baía Cartonado 23 x 23 cm 14 páxinas

ISBN: 978-84-9995-289-5


16,05 €



Ana López Quintela Que haberá na barriga de mamá?

Segundo álbum de Ana López Quintela, educadora infantil, despois de *Na busca de Antón*. June ten dúas mamás. Un día foron ao hospital e agora algo está a medrar no ventre da nai máis cantareira, pero June non sabe o que é. escoita ás mamás falar da semente que está a medrar dentro, e ela pensa se será un arando, unha cereixa, unha ameixa, un limón, un aguacate ou unha manga. Ata que un día descobre que é o seu irmán Teo. Escrito en verso, o libro seduce tamén pola sinxeleza e inspiración das súas orixinais ilustracións.

Alvarellos Cartonado
22,5 x 21,5 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-18567-69-8
15,20 €



Marja Baseler e Annemarie van den Brink

O hotel Cerebro

Unha viaxe ao interior do hotel Cerebro para indagar como funciona este órgano, que rexión se encarga da memoria, que parte advirte do perigo, como se xestionan as emocións... e tratar de dar co segredo da familia Stein. Ilustrado por Tjarko van der Pol.

Hércules Cartonado
25 x 32 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-19754-71-4
16,15 €

En castelán:
El Hotel Cerebro
ISBN: 978-84-19754-65-3



Silvia Penide Onde está Otti?

Unha pequena historia sobre como, ás veces, perderse é encontrarse. Con ilustracións de Estefanía Padullés.

Hércules Cartonado
20 x 20 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-19754-75-2
15 €

En castelán:
¿Dónde está Otti?
ISBN: 978-84-19754-74-5



Lucía Mojón Biscoito de castañas

Unha tarde de outono, unhas castañas desaparecidas e a lenda da Cova da Pena Grande. Pai e filla gozan xuntos dunha tarde de aventuras para descubrir o misterio das castañas grazas á bise. As ilustracións son de Lucía Barrios.

Xerais Cartonado
20 x 27 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-1110-649-8
15,50 €



Guía Risari O tranvía número flor

Un álbum sobre a amizade e o poder transformador da palabra e da imaxinación. Laura contaba historias increíbles. Ninguén a cría agás Omar, un rapaz taciturno e melancólico que botaba en falta a súa casa e o seu país. "Queres volver velo?" preguntoulle Laura un día. "Esta tarde, agarda por min na parada do tranvía ás tres en punto." Xuntos iniciaron unha viaxe extraordinaria. Os protagonistas comparten algo máis que tempo e amizade, embárcanse nunha viaxe a través da palabra atravesando paisaxes fantásticas, quizais novas, quizais ocultas en recunchos recónditos do subconsciente. As ilustracións realistas e cheas de detalles de Federico Delicado amplían os significados do texto e acentúan esta proposta próxima ao surrealismo. A tradución é de Xosé Ballesteros


Kalandraka Cartonado 24,5 x 21,5 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-1343-349-3
15,20 €



Katarzyna Samosiej A pés descalzos

Un álbum ilustrado que axuda a comprender ás persoas que senten todo con alta intensidade. A autora é a artista e terapeuta polaca Katarzyna Samosiej. Ela entende que a sensibilidade é un agasallo, e que sentir é existir. Con este conto busca axudar a comprender a riqueza da alta sensibilidade e ensinar a sentir a natureza dun xeito especial, directo. Alenta así a probar a camiñar a pés descalzos e notar a textura das diferentes superficies. Foi traducido do polaco ao galego por Ana Garrido.

Alvarellos Cartonado
20 x 25,5 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-18567-72-8
17,95 €





El Hematocrítico Dona Problemas, rescatadora de mascotas

Tras o seu enfrontamento coa mestra *influencer*, que foi retransmitido por televisión, Carlota (Dona Problemas) converteuse nunha celebridade entre nenos e nenas. Así e todo, nin Dona Problemas nin Xoán, o seu axudante, esperaban recibir na escola a visita dunha nena preocupada pola desaparición da súa mascota: unha cacadúa, pola que agora lle piden un rescate que non pode pagar. Con ilustracións de Paco Roca.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-1110-667-2
12,50 €



Raquel Castro Bonecas

Lois, un robot dotado dunha intelixencia superior que non quere pertencer a ningún, chega á tenda de Xurxo "Xoguetes e brinquedos". Alí atoparase con Lara, a boneca chorona, e con Filipa, a boneca cantadeira, que desexan coñecer mundo e deixar de estar pechadas nun escaparate. As ilustracións son de Komorevi.


Galaxia Rústica 13 x 20 cm 124 páxinas
ISBN: 978-84-1176-377-6
12,80 €



Anxo Fariña A escola robot

Que pasaría se un día a famosa corporación Piña te convidara a estudar na misteriosa Escola Robot? E se a escola está nunha illa móbil? Pódese crear un robot con forma de gato? Existen as pantasma con calzóns de cocos? Que lle pasa a unha caixa cando vai ao ximnasio? Farase... mmm... caixa forte? Moitas preguntas sen resposta! Terás que ler este libro para descubrir todo iso e máis! Unha divertida aventura tecnolóxica contra o Robot Maligno, que pon en valor a amizade, o traballo en equipo e a importancia da ecoloxía. Con ilustracións de Anxo Fariña.

Xerais Rústica 13,6 x 19 cm 118 páxinas
ISBN: 978-84-1110-669-6
12,95 €



Antonio García Teijeiro Bicos e non balas

Edición en rústica da antoloxía de poemas sobre a paz de Antonio García Teijeiro, "un dos poetas galegos que máis e mellor entenderon que non hai camiño para a paz, senón que a paz (e a poesía) é o camiño", di o texto da contracuberta. Publicado por primeira vez en 2019, está ilustrado por Bea Gregores.


Galaxia Rústica
14,5 x 28 cm 108 páxinas
ISBN: 978-84-1176-366-0
18,43 €



Elena Osés e Eva Agra O misterio de xacarandá

Unha historia chea de maxia na que unha familia debe superar a perda da nai e reiniciar a súa vida nun novo lugar. As súas preocupacións centrábanse en reformar o seu vello casarón, reabrir a vella panadería e adaptarse ao peculiar estilo de vida dos seus veciños na aldea de Oires. Até que unha misteriosa rapaza co pelo da cor do mar comezou a aparecerse-lles nas noites de treboada... Un relato vibrante no que a protagonista deberá desentrañar o misterio que agocha o vello casarón familiar e, por se non fose abondo, fortalecer os lazos que unen os catro irmáns. A tradución é de Xosé Duncan.

Bululú Rústica
13 x 21 cm 100 páxinas
ISBN: 978-84-10049-32-1
12,50 €



Álex Mene Indómita e a Semente da Inmortalidade

"O meu nome é Indómita. Teño case trece anos e medio e estou escribindo este diario para deixar constancia das cousas que acontecen por aquí. Eu son a exploradora desta aldea sen nome." O diario de Indómita, cheo de referencias a grandes clásicos da literatura infantil e xuvenil, supón unha viaxe única, a inmersión nun lugar repleto de misterios, con personaxes tan extravagantes como divertidos.


Bululú Rústica
13 x 21 cm 100 páxinas
ISBN: 978-84-945494-9-6
11,50 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Castelao Cousas de nenos

A obra de Castelao tivo moi presente a mirada de nenos e nenas. Ese ollar que aos adultos lles escapa e que os máis novos si son quen de posuír.

Galaxia Rústica
12,5 x 20 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1176-382-0
12,40 €



11↑

Anxo Iglesias**Tacón, punta, tacón**

No universo, unha galaxia; nela, un sistema solar, un planeta, un continente, unha península e, na súa punta máis salgada, un recanto feliz. Un lugar onde os mexillóns non xogan ao béisbol e Doraemon ten gardado no seu peto máxico un chimpín. Alí poderás facer piragüismo, empanadas, *beatbox*... e mesmo cantar un gol! Un sitio distinto, de mulleres bravas e cabalos ao galope, onde caen chuzos de punta e contan os tacóns, hai troula a todas as horas e, no faro da fin do mundo, agarda por ti un solpor. E mentres, a poesía, chovendo versos, na súa tinta ou masterchof, que vén pra quedar, pra quedar, pra quedar... E as palabras, patas arriba, aturuxando e facendo equilibrios imposibles. Mergúllate nas páxinas deste libro: malo será que non descubras, antes ou despois, de que estamos a falar. Digocho eu! As ilustracións son de Laura Romero.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-651-1

12,95 €



11↑

Ramón Caride**O misterio das zocas**

Maria, Frida, Nursa e Xeria, as catro músicas ambulantes que cantan en feiras, festas e romarías, vense implicadas nun estraño misterio. Unhas zocas moi noviñas, penduradas no alto das árbores, semellan querer avisalas de algo importante. O novo camiño que empezarán deste xeito vai nas levar a viaxes inesperadas, perigos mortais, feitos insólitos, dilemas vitais e probas asombrosas que as mudarán para sempre. Nada resultará ser o que pensaban, mais elas non se acovardan. Nesta historia hai contos familiares, hai contos descoñecidos e hai contos revirados. E tamén cantos e cantigas. As mozas desta historia non agardan que veña ningún príncipe a salvalas, porque elas saben defenderse soas. Con debuxos de Dani Padrón.

Xerais Rústica 13,6 x 19 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1110-650-4

12,95 €



11↑

Miguel Alonso Diz**De príncipes, princesas e outras andrómenas**

Este é un libro de princesas que bailan, que xogan ou que espertan. Tamén de princesas que se anoxan e que se alegran. Hai algunhas que loitan e outras que berran. Xunto a princesas que fan do silencio a mellor ferramenta. Pódese cambiar a palabra "princesas" por "príncipes" e todo será igual. Porque este é un libro de poemas que claman a favor da igualdade. As ilustracións son de Luz Beloso.

Xerais Rústica 13,6 x 19 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1110-666-5

12,95 €

**Marilar Aleixandre****Castelao segundo Rañolas**

Marilar Aleixandre pediu aos personaxes creados por Alfonso Daniel que a axudasen a contar algúns detalles da vida deste. Así foi como Rañolas, Peito de Lobo, Pimpinela, o esqueleto, Melchor e algún outro acudiron á chamada da autora para trazar a vida do grande escritor, debuxante, político e pensador de Rianxo.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 114 páxinas

ISBN: 978-84-1176-380-6

14,50 €



11↑


Fina Casalderrey**Dúas bágoas por Máquina**

Nova edición dunha emotiva novela, narrada con tenrura e humor, que aborda toda a complexidade das relacións entre os nenos e os animais. Cando Xusta fixo seis anos, recibiu da súa familia un agasallo moi especial: un can, ao que lle puxeron o nome de Máquina. Desde aquel día, Xusta e Máquina foron dous amigos inseparables. Pero, co paso dos anos, a familia da nena foi cansando do animal. E, sen que Xusta o saiba, o pai decide desfacerse del abandonándoo nunha estrada. Con debuxos de Víctor Rivas.

Xerais Rústica 13,6 x 19 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1110-668-9

12,95 €

**Eloy Moreno****Invisible**

"O problema foi que nunca cheguei a controlar ben ese poder. Ás veces, cando máis ganas tiña eu de ser invisible era cando máis xente me vía. En troques, cando quería que todos me visen era cando ao meu corpo lle daba por desaparecer". Emotiva, conmovedora, diferente... Invisible narra, a través dos ollos dun rapaz, unha historia que podería ser a de calquera. A tradución do castelán é de Charo Baleirón Sóiñora.

Hércules Rústica 25 x 32 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-19754-66-0

18,05 €

Homenaxe ás cantareiras e á poesía popular



Carlos Callón Maxicamente vella, eternamente nova A literatura tradicional galega


Primeiro dunha serie de ensaios cos que Carlos Callón explicará "dunha forma distendida as chaves da literatura galega ao longo dos séculos". Nel o autor reasenta con naturalidade as raíces na moi prolífica tradición oral que este ano se verá representada no Día das Letras por seis mulleres nas que se encarna "o festexo de todo un pobo que mantivo o xenio creador da lingua, tamén en circunstancias moi difíciles".

Xerais Rústica
13,5 × 20 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1110-662-7

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importes superior a 12 €




Calros Solla Saberes de María da Vrea

"A colleita de María Fraíz Canaval dourouse a calor e lentura de quen todo nolo deixou: Pepa Canaval e Mamá Filomena. Carrexáronse as mazarocas da leira ao casal. Esfolláronse no alboio e, ben atondadas, curaron engordíño ao socairo do canastro. Do canastro á debulla, e da debulla ao muíño. Moeuse a gra en pedra borneira, e a fariña peneirouse ao xeito, enchendo sete folecas ben acuguladas: coplas, recitados, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos, receitas... Abofé, as papas que con este óleo se fagan hannos medrar o corpo e gorentar a alma". Un volume que recolle a tradición oral da freguesía de Folgoso (Cerdedo).

Morgante Rústica
14,8 × 21 cm 324 páxinas

ISBN: 978-84-19040-49-7

25,17 €



Isabel Blanco Galegas na música

Este libro reúne unha escolma de biografías de mulleres galegas dedicadas á música, dende a primeira xograresa ata as máis recoñecidas músicas contemporáneas. É, ademais, unha reivindicación da música tradicional galega, que, representada de xeito especial polas cantareiras e pandeireiras, está presente en todas elas. Con ilustracións de María Lapidó.

Belagua Cartonado
19,5 × 28 cm 62 páxinas

ISBN: 978-84-129637-0-0

20,90 €




Celia Díaz Núñez A avoa canta como a cotovía

Fala da primeira vez en que a avoa Oliva lle cambiou o nome. E así unhas veces é Adrián e outras Toño. A avoa está feliz e o neto tamén. Sobre todo porque agora ela sorrí moito máis, e ás veces canta cantigas que non se lle oíran. Pois o que máis lle gusta á avoa, sen dúbida, é cantar. A súa filla di que canta como a cotovía. Con ilustracións de Alba Santa.

Galaxia Rústica
12,5 × 20 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1176-374-5

12,40 €



Icíá Varela e Xosé Manuel Varela Cantareiras

Un percorrido polo legado da música e a poesía popular. A tradición das pandeireiras. As Vellas de Mens, Eva Castiñeira e Adolfinia e Rosa Casás. Da man da pandeireira Icíá Varela e o investigador Xosé Manuel Varela.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-610-8

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



María Lado Canta, miña compañeira O legado das cantareiras

Adolfinia, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela son os nomes propios de seis das miles de cantareiras ou pandeireiras que ao longo do tempo crearon e conservaron unha rica poesía popular oral, que foi transmitida de xeración en xeración. Grazas a mulleres coma elas, chegaron a nós coplas, ritmos, bailes, contos, xogos, remedios e costumes. Sen ese prezado saber, a música galega que escoitas hoxe en día e a literatura que les non serían as mesmas. Por iso, esas mulleres son as homenaxeadas no Día das Letras Galegas de 2025.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-619-1

12,95 €

Álbum ilustrado



Eva Mejuto Sei cantar e sei bailar

Enfiando un ronsel de cantigas, muiñeiras, maneos e xotas, *Sei cantar e sei bailar* segue a pegada das viaxes de Dorothé Shubarth por Galicia e acompaña á musicóloga suíza do Courel á Costa da Morte para recoller as voces das mulleres que mantiveron viva a fáiça da lingua no seu cantar. Vai ser posible tocar coas pandeireiras de Mens, cantar con Adolfinia e Rosa Casás e bailar con Eva Castiñeira para homenaxear a todas as mulleres anónimas que teceron, amaron e transmitiron a música, poesía e cultura ao longo dos séculos. Con ilustracións de Lucía Cobo.

Xerais Cartonado
19,5 × 26,5 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-618-4

15,50 €



Mercedes Peón, Ana Romani, Selina Otero, Andrea Nunes, María Reimón, Susana Sánchez Aríns e Natalia Balseiro

Somos pandeireiras


Esta é a historia dunhas mulleres que, coa pandeireta na man, eran libres. Tal e como afirma Mercedes Peón no limiar, eran "libres de tocar, de berrar, de alumiñar coa voz, de disociar e ornamentar mentres tiñan o seu transo en colectividade, libres de facer a foliada, donas do serán e donas da palabra". A partir do recoñecemento desa liberdade, naceu o proxecto *Somos pandeireiras*. Nas súas páxinas as autoras, seis mulleres galegas contemporáneas, recollen o testemuño desde a súa propia palabra.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-609-2

17,05 €


Yolanda Castaño



Calros Solla herba de vigo

"Este libro de poemas de Calros Solla é unha homenaxe poliédrica a esta amada e odiada cidade nosa que tatexa, latexa e se desangra cada serán en cada esquina e que ao outro día xa está en pé para ir ao choio. Pero tamén é un berro reivindicativo, unha reflexión intelixente e, ás veces, unha gargallada agrioide na noite, que se burla de todo aquilo que nos deshumaniza e nos ridiculiza como po-bo". Do prólogo de Xosé-Henrique Costas.

Morgante Rústica
14,8 × 21 cm 106 páxinas
ISBN: 978-84-19040-48-0
17,10 €





PREMIO MIGUEL
GONZÁLEZ
GARCÉS 2022

A falsa autónoma

Escuro e descarado, *A falsa autónoma* solta un obús sobre contidos infrecuentes para a poesía e sinala o impacto emocional que poden ter as dificultades económicas. Faino cun fondo simbolismo capaz de falar de débeda, obediencia e autoexplotación dun xeito transcendente. Un poemario sobre a fustrigante servidume do traballo, nomeadamente o dun campo cultural tan inzado de clarescuros. Unha voz, quer sarcástica, quer autocrítica, desesperada ou rabiosa, profundamente política, pon o foco na maquinaria á vez insaciable e degradante do capital, deixando ver que o mandato económico é, á fin e ao cabo, un mandato de miseria.


Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-1110-599-6
13,50 €



Sofía Ruvira Canícula

Poemario que fala da xenealoxía familiar e a natureza. Hibridando o espazo mariño co monte e o rural co urbano, as nais coas avoas e as avoas coas netas, o libro preséntase como una reflexión arredor do que supón medrar e marchar, ou o que supuxo, nun tempo, ficar. "Os poemas galopan como as pernas de cabalos que foxen, como budiños que se escorregan polas rías do Atlántico, como pingas que se desfán co primeiro sol da primavera", di a editora. "*Canícula* procura desde o intimismo a exploración formal, procurando un achegamento mínimo á estrutura do verso, desfacéndose coa palabra que sobra e tentando buscar interlocutores múltiples: nos mortos e na natureza, no real e no imaxinario".


Laiovento Rústica
14 × 21 cm 74 páxinas
ISBN: 978-84-8487-713-4
13,95 €



X. L. Mosquera Camba Trece maneiras de mirar un almanaque

"*Trece maneiras de mirar un almanaque* é o canto do merlo que lles pon banda sonora aos amenceres da vida do autor dende un loureiro próximo á súa casa. Ese canto e ese merlo son sempre os mesmos e son tamén sempre outros. Mais ese merlo, algún dos merlos, non é acaso o que cantou Wallace Stevens? E un mira dende os seus limitados ollos, mira de trece inesgotables e ubicuas maneiras. E o merlo velái vai, por entre as xestas, contra todo pronóstico, atravesando o tempo". Texto da editora.


Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-635-1
12,95 €



Mónica Caldeiro Estudo sobre o voo dos corzos

"*Estudo sobre o voo dos corzos* é unha diseción da beleza vulnerábel, unha análise poética da violencia na cultura humana e na cultura da natureza. Esta ollada é aloumiño e dó pola fragilidade desa beleza escorregadiza, inaccesíbel e inesquecibel, para a considerar parte de nós, para protexermos esa parte de nós. Podemos entón fuxir dunha brutalidade que xa é de noso? Como aprehendérmonos dende unha linguaxe colonizada? Aquí xorden as preguntas, aquí comeza a estrada, aquí a procura cara á recuperación".

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-672-6
12,95 €



Ramón Sánchez Na espiral do opérculo

Na espiral do opérculo é un repaso a unha década de poesía, un exercicio de resistencia e honestidade cun pouso ecléctico mais solidamente cinguido co adival da coherencia. A familia, a nostalgia, a perda, pero sobre todo o amor (propio e alleo), representado aquí de moi diversas maneiras, é o eixo sobre o que orbitan uns poemas que, de xeito dinámico, conseguen conectar sen apenas esforzo.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 86 páxinas
ISBN: 978-84-10324-40-4
14,90 €



Samuel L. París O tenro é o salvaxe

"Que material queda dentro e fóra das nosas vidas? Como se escolle? E, máis importante: que construímos con el? Da tona ao óso, *O tenro é o salvaxe* cuestiona desde o social ao persoal nunha proposta chea de lirismo, ironía e humor". Texto da editora.

Galaxia Rústica
12 × 22 cm 124 páxinas
ISBN: 978-84-1176-372-1
16,62 €



Ana Boullón, Luz Méndez, Domingo Blanco, Xosé Miranda Ruíz, Antonio Reigosa, Elena Freire Paz e Alba María Rodríguez

Estudos de onomástica galega VIII


A onomástica e a cultura popular

O eixo central é a relación da onomástica coa literatura popular, que foi transmitida oralmente durante xeracións, en épocas en que a lingua galega estaba vetada nos textos escritos. Os topónimos e os nomes de persoa no cancionero son o foco dos dous primeiros relatorios. A seguir estúdanse a onomástica do conto galego de tradición oral e a relación entre a onomástica e a antropoloxía en Galicia. Remata abordando as posibilidades que dá o emprego da onomástica nas improvisacións, un xénero moi vivo na literatura oral.

RAG Rústica 232 páxinas

ISBN: 978-84-17807-37-5

19 €



M. Rodrigues Lapa Estilística da Língua portuguesa

“Passaram-se oitenta anos desde o nascimento deste livro, um manual que não apenas nos ensina a escrever corretamente, mas que também nos desafia a refletir sobre o estilo e a liberdade da expressão literária” diz a editora. “Para além das prescrições gramaticais, esta obra conduz-nos pelos caminhos do pensamento criativo, onde a escrita se transforma em arte. Revisita-la hoje é revisitar a nossa história, reavaliar o nosso legado literário e reconhecer as pontes que a língua portuguesa constrói entre culturas. Portugal e Brasil estão aqui presentes, como sempre, mas sem esquecermos a Galiza, esse território onde a língua partilha raízes e sonhos. Nesta nova edição, celebramos um pedaço vivo da nossa história literária”.

Através Capa mole 16 x 23,5 cm 230 páxinas

ISBN: 978-84-16545-98-8

17,10 €



Anxo Angueira e Chus Pato

I es a noite, i es a aurora

A poética da luz en Rosalía de Castro

Discurso de recepción na Real Academia Galega de Anxo Angueira Viturro ao que deu resposta a poeta Chus Pato, li-dos no acto celebrado o 27 de abril de 2024 no Auditorio municipal de Padrón. O primeiro centrouse na poética da luz, un elemento que en Rosalía funciona como símbolo tanto da dimensión social como existencial da súa obra e que reforza dende a reivindicación do despertar político de Galicia nas páxinas de *Cantares gallegos* ata o reflexo das complexidades do eu nos versos de *Negra sombra*.

RAG Rústica 72 páxinas

ISBN: 978-84-17807-38-2

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Carlos Garrido

Farpas e lampejos regeneradores


Artigos de análise e intervençom contra a degradaçom da Língua

O presente volume agrupa os cincuenta e oito artigos de divulgación lingüística que, desde 2020, com periodicidade mensual, o autor tem até agora publicado no *Nós Diario*. Son peçes breves, rigorosas e amenas, destinadas ao público geral, que analizan aspetos lexicais, morfosintáticos, ortográficos, pragmáticos e sociolingüísticos do galego-português da Galiza contemporánea, com atençom preferente dispensada à norma e ao uso culto.

Através Rústica
16 x 23 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-16545-96-4

15 €



Carlos Méndez Míguez

Toponimia de Quintela de Leirado

Quintela é un diminutivo de Quinta e vén do latín Quintanella. Un Leirado é o contido en froitos dunha leira e semella estar vencellado con Larea “leira”. O autor trata de achegarse ao corpo toponímico das cinco parroquias deste concello, porque os lugares existen ao nomealos.

Toxosoutos Rústica
15 x 21 cm 238 páxinas

ISBN: 978-84-128986-5-1

15,20 €



Xerardo AgraFoxo

Un café en Bogotá, dúas tumbas en Medellín

Tras dos pasos de García Márquez e Avilés de Taramancos

Un periplo de 45 días no que se fala dos problemas de Colombia, un país sacudido polas guerrillas, as bandas paramilitares e os crimes dos narcotraficantes. Esta viaxe de tres mil quilómetros en solitario, tamén é unha pescuda tras os pasos de Antón Avilés de Taramancos, que viviu naquel país vinte anos, e Gabriel García Márquez, o Premio Nobel máis recoñecido das últimas décadas.

Tososoutos Rústica
13 x 20 cm 312 páxinas

ISBN: 978-84-128986-2-0

19 €



X. L. Méndez Ferrín

Rosalía en familia

Edición ao coidado de Fernando Ramallo, da Universidade de Vigo, que reúne 23 ensaios breves (algúns deles, ilustrados con fotografías históricas) e poemas de X. L. Méndez Ferrín arredor da vida da escritora fundacional do Rexurdimento. Rosalía de Castro en familia, no seu fogar. De primeiras, nai, pai, parella, fillas e fillo. Unha Rosalía revelada inmensa. A orixinalidade deste libro, di a editora, “áchase na reflexión sobre a súa vida coa que Méndez Ferrín nos agasalla”. Desde o nacemento ata o pasamento. Unha Rosalía familiar, unha muller engaiolante e inconfundible.

Alvarellos Rústica
12 x 19 cm 154 páxinas

ISBN: 978-84-18567-71-1

14,90 €

Ánxela Lema París
Ana M. Amigo-Ventureira
(coords.)
Insubmisión ambigua
Voces e relatos alén da monosexualidade



XERAIS
ensaios

Ánxela Lema París e Ana M. Amigo-Ventureira (Coords.)

Insubmisión ambigua


Voces e relatos alén da monosexualidade

"Benvido a esta sorte de asemblea-aquelarre de corte libertario". Así comeza a presentación deste texto que mantén que "se a fluidez ou a ambigüidade se senten como ameaza en tantos espazos débese, en gran medida, a romperen cos binarismos". "Por iso, nós reivindicámonos ambigües, confuses, inestables, indóciles, desobedientes e problemáticos, porque se iso molesta débese, xustamente, a que fai cambalear todos os sistemas: o cisheterossexual, o monosexual e o monógamo (...). Aquí poderás encontrar textos de persoas que, tal como fixeron no seu momento quen representaron o fenómeno da insubmisión, se negan cada día a se incorporar a filas, pero tamén a declarar obxección de conciencia". Así, este "libro-aquelarre" ofrece desde textos máis biográficos e políticos, ata outros máis literarios.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-1110-615-3

18,95 €




Francisco Fariña Busto
Luis Otero Grandal

Castromao

Guía que pretende ser unha invitación a achegarse a un dos principais xacementos arqueolóxicos do noroeste peninsular, situado en Celanova, na provincia de Ourense. Convida a gozar da paisaxe e coñecer algún dos elementos que configuran a historia de Galicia. Fai o número 13 da colección "Guías do Patrimonio Cultural" que por iniciativa do Grupo Marcelo Macías se publican dende o ano 1988 para difundir mostras relevantes do patrimonio cultural da provincia.

Dep. Ourense
G. Marcelo Macías Rústica
20,5 x 25 cm 180 páxinas
ISBN: 978-84-88522-41-2

13 €



Bruno Blanco Varela,
María del Carmen Sánchez Carreira
e Paulo Jorge Reis Mourão


A escaleira educativa

Inserción laboral da mocidade non universitaria en Galicia

A obra reconece que, malia ser a educación un motor de mobilidade social, pode verse obstaculizada por factores socioeconómicos, xeográficos e estruturais. Remata cunha chamada á necesidade de políticas específicas que aborden as desigualdades educativas e profesionais para mellorar as oportunidades de inserción laboral e garantir un futuro máis equitativo.

USC Rústica
15 x 21 cm 300 páxinas
ISBN: 978-84-10142-35-0

20,90 €



Miguel Anxo Santos Rego (ed.)
A investigación educativa en Galicia

2015-2024

A investigación representa un papel fundamental na aprendizaxe, porque ofrece aos docentes ferramentas innovadoras. "O noso cometido –dise no liñar– é ampliar e fortalecer a base investigadora na educación, e por iso este estudo constitúe unha ferramenta útil para diversificar a nosa visión". "Tense dito que sen avaliación non hai progreso no espazo público dunha democracia. O noso libro ofrece puntual testemuño desa lúcida sentenza".

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 602 páxinas

ISBN: 978-84-1176-369-1

30,40 €



Susana Reboreda Morillo (Coord.)

Contáronme un conto mal contado


Onde estaban as mulleres na Historia?

Traballo elaborado por un grupo de historiadoras vinculadas á Universidade de Vigo que pretende visibilizar o papel das mulleres realizando un percorrido dende a Prehistoria ata o século IV. Busca amosar unha secuencia de realidades variadas que transcorren, ou se refiren, ás primeiras épocas históricas aplicando nas súas análises distintas perspectivas e metodoloxías.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-1176-379-0

19,47 €



Pedro Alonso Iglesias
A fraga esborrallada


Crónicas naturalistas dacabalo de dous séculos

A crónica dunha xeración e dun tempo de transformación da Galicia rural e salvaxe. O naturalismo como inspiración. Un persoal axuste de contas cos voceiros autóctonos do capitalismo depredador.

Toxosoutos Rústica
14,8 x 21 cm 326 páxinas

ISBN: 978-84-128986-6-8

19 €



VI PREMIO
XOHANA TORRES
DE ENSAIO

Montse Fajardo

Caidas


Achega ao Patronato de Protección a la Mujer en Galicia

Achega ao funcionamento en Galicia do Patronato de Protección a la Mujer, a institución franquista que entre 1941 e 1985 internou en institucións relixiosas a miles de mozas por térense afastado do modelo único de nai e esposa imposto pola ditadura. Malia ser unha das expresións máis crueis e lonxexas da ditadura, o Patronato segue a manter a pátna de institución benéfica na que monxas coitaban rapazas que se afastaran do bo camiño.

USC Rústica
13 x 19 cm 148 páxinas
ISBN: 978-84-10142-33-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Perfecto Conde Carlos Núñez, o comunista que non foi gaiteiro

Un percorrido biográfico da man de Perfecto Conde, quen, con habelencia, enfia unha conversa co militante comunista que non deixará indiferente a ninguén. Carlos Núñez Rodríguez tivo gran relevancia nos acontecementos da folga xeral viguesa de setembro de 1972, cando a cidade estivo condicionada polas mobilizacións obreiras. Mais na súa biografía hai moito máis: dende as torturas do franquismo, o exilio en París e Moscova e a fundación do PCG, ata as súas innovacións municipalistas en 1979 e o 23-F.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 300 páxinas

ISBN: 978-84-1176-368-4

23,27 €




Francisco Caamaño e Daniel Jove Villares O autogoberno de Galicia Fundamentos e institucións

Libro dirixido a un público amplo, onde se contrastan as semellanzas e as grandes diferenzas que existen entre o federalismo e o autonomismo, como estratexias descentralizadas do poder político. Preto de facer corenta e cinco anos, os autores sosteñen que o autogoberno de Galicia xa non pode explicarse de xeito estático, coma se fose unha realidade illada. A Comunidade Autónoma forma parte dun complexo sistema de gobernanza multinivel que vai desde as entidades locais ata a UE, pasando polo Estado. O fundamento democrático dese modelo fai que a cidadanía teña que xestionar distintas identidades (a galega, a española, a europea) e que os seus dereitos e as relacións cos poderes públicos varíen en función do eido institucional en que desenvolven as súas actividades.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 194 páxinas

ISBN: 978-84-1176-375-2

22,42 €




Mª do Pilar García Negro Arredor de Castelao no século XXI

Reedición da obra publicada orixinalmente en 2001 mais agora actualizada para conmemorar o 75º aniversario do falecemento de Castelao, unha das figuras máis relevantes da cultura galega do século XX. O texto ofrece unha análise profunda e contextualizada do pensamento e legado do intelectual rianxeiro: analiza a visión política de Castelao sobre a autonomía e soberanía de Galicia; a obra artística, con especial foco no seu traballo como debuxante e humorista gráfico; o seu compromiso coa lingua galega e o papel na normalización cultural, así como a vixencia das súas ideas no debate contemporáneo.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 210 páxinas

ISBN: 978-84-8487-711-0

18,95 €



Antom Santos Terra a nossa


Discurso e identidade agrária na
Galiza moderna (1875-1936)

"Terra a Nossa! foi umha das consignas mais recorrentes e significativas da Galiza do primeiro terço do século XX, umha bandeira da fachaenda coletiva, que implicitamente reconhecía as orixens labregas dos diferentes estratos de classe e ámbitos culturais que a abraçáram. Quiçá as suas orixens fiquem no poema rosaliano que, com este título, aparece em *Follas Novas* (...) A legenda sintetiza o esforço teórico, cultural e político que todos os agentes participantes na construción da identidade galega moderna vinham acometendo desde o século anterior, tomando o campo como base". Texto da editora.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 290 páxinas

ISBN: 978-84-8487-700-4

20,85 €




Antón Álvarez Sousa (Coord.) A Galicia do século XXI

O mundo en xeral, e a sociedade galega en particular, está a experimentar profundos cambios asociados con procesos de dixitalización, grandes riscos e crises globais que afectan ás organizacións e á vida cotiá. Ao longo dos diferentes capítulos deste libro é posible descubrir como están condicionando estas cuestións o territorio de Galicia, a súa natureza e os montes, a pesca, os mares, o turismo, o lecer, o mercado laboral, a educación, a poboación e a despoboación, a riqueza e a pobreza, a saúde mental, as migracións, a reconfiguración urbana, os incendios e mesmo a lingua, da man de 34 autores e autoras de recoñecido prestixio que fan unha análise precisa e con proxección de futuro.

Xerais Rústica
17 x 24 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-1110-538-5

21,80 €



Guiomar Acevedo López Entre a memoria e o esquecemento


Unha visión do pasado español
dende o exilio republicano en
México

A autora, especializada en estudos sobre memoria e identidade en contextos de desprazamento forzado e exilio político, achega, ademais de reflexións teóricas sobre os seus dous principais obxectos de estudo, unha aproximación ao exilio republicano en México e a súa institucionalización, así como ás condicións nas que se produciu a denominada "transición española", ollada dende a distancia dun exilio permanente no país de acollida.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 166 páxinas

ISBN: 978-84-8487-701-1

14,95 €



Manuel Lage Barreiros Historia completa

